

San Xoán, festivo en 2013

> A Xunta elixe o 24 de xuño en lugar de Martes de Entroido ou San Xosé porque cae en luns e goza de tradición en Galicia

Europa Press

Os 14 días festivos do calendario laboral de Galicia para 2013 incluírán, entre outros, o 24 de xuño, día de San Xoán, e o 17 de maio, Día das Letras Galegas, ambos os dous elixidos para substituír festivos como o 6 de xaneiro e o 8 de decembro, que coincidirán en domingo.

Segundo a Xunta, o 24 de xuño e o 17 de maio foron elixidos pola súa relevancia na comunidade galega e porque, ademais, “son correlativos á fin de semana” nos dous casos. Alberto Núñez Feijóo explicou que se trata dunha proposta “acorde” coas condicións económicas, co fin de que afecten menos a produtividade das empresas. “Estamos a diminuír custos”, reiterou o presidente da Xunta onte tras o Consello. Ademais, goza de gran tradición.

A Xunta explicou que decidiu substituír o 6 de xaneiro e o 8 de decembro polo tradicionalmente festivo Día das Letras Galegas, que coincidiría en venres; e, como novidade, o 24 de xuño, San Xoán, que coincide en luns. Isto vai en detrimento do 19 de marzo ou do propio Martes de Entroido.

Dos festivos anuais, nove son de carácter nacional, obrigatorios e inamovibles. Logo están os autonómicos e, finalmente, cada Concello elixe dous municipais.

> ¿Que festivo elixirías ti? www.l-v.es

Os enxeñeiros de montes auguran un ano peor que o pasado co lume

Europa Press

Os enxeñeiros de montes prevén que este sexa un ano peor que o pasado en materia de incendios forestais, porque a Península está a entrar nun ciclo seco, explicou o Colexio de Enxeñeiros de Montes.

Ata abril arderon en España un total de 44.063 hectáreas, que representan preto dun 70% máis que a media do decenio, e das que o 58,87% arderon no noroeste, sobre todo Galicia.

Neste contexto, considera que o aproveitamento e a mellora da xestión da biomasa poderían evitar a metade dos lumes, sobre todo na zona galega e no resto do noroeste peninsular.

CALENDARIO FESTIVOS NACIONAIS E AUTONÓMICOS 2013													
XANEIRO							FEBREIRO						
1	2	3	4	5	6				1	2	3		
7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10
14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17
21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24
28	29	30	31				25	26	27	28			
ABRIL							MAIO						
1	2	3	4	5	6	7		1	2	3	4	5	
8	9	10	11	12	13	14	6	7	8	9	10	11	12
15	16	17	18	19	20	21	13	14	15	16	17	18	19
22	23	24	25	26	27	28	20	21	22	23	24	25	26
29	30						27	28	29	30			
XULLO							AGOSTO						
1	2	3	4	5	6	7			1	2	3	4	
8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11
15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18
22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25
29	30	31					26	27	28	29	30	31	
OUTUBRO							NOVEMBRO						
1	2	3	4	5	6				1	2	3		
7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10
14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17
21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24
28	29	30	31				25	26	27	28	29	30	
MARZO							XUÑO						
										1	2	3	
4	5	6	7	8	9	10	3	4	5	6	7	8	9
11	12	13	14	15	16	17	10	11	12	13	14	15	16
18	19	20	21	22	23	24	17	18	19	20	21	22	23
25	26	27	28	29	30	31	24	25	26	27	28	29	30
SETEMBRO							DECEMBRO						
												1	
2	3	4	5	6	7	8	2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15	9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22	16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29	23	24	25	26	27	28	29
30	31						30	31					

1 xaneiro Aninovo	25 xullo Día de Galicia
6 xaneiro Reis (domingo)	15 agosto A Nosa Señora
28 marzo Xoves Santo	12 outubro Día do Pilar
29 marzo Venres Santo	1 novembro Todos os Santos
1 maio Día do Traballo	6 decembro Día da Constitución
17 maio Letras Galegas	8 decembro Inmaculada Concepción (domingo)
24 xuño San Xoán	25 decembro Nadal